UNIDADE 2: A ARTE BIZANTINA, PRERROMÁNICA E ISLÁMICA.

ESQUEMAS

- Presentámosche a continuación unha serie de esquemas-resumo -prestando atención ás cronoloxías, características xerais, obras principais e autores dos distintos estilos desta época:

  1. Arte bizantina.
  2. Arte visigótica.
  3. Arte asturiana.
  4. Arte mozárabe.
  5. Arte hispanoárabe.

1. ARTE BIZANTINA

Cronoloxía		Características xerais	Obras	Autores
1ª etapa (395-850), dentro da que se inclúe a etapa xustinianea (s. VI) 2ª etapa (850-1054) 3ª etapa (1054-1453)	Arquitectura	Predominio das plantas centralizadas, combinadas coas basilicais Cubertas de cúpulas sobre pechinas contrarrestadas por semicúpulas e exedras Muros de ladrillo recubertos de mármore ou mosaicos no interior e reforzados ao exterior con contrafortes Combinación de soportes (pilares, columnas) Creación de espazos dilatados e diáfanos	Santa Sofía de Constantinopla Santos Serxio e Baco San Vital de Rávena	Antemio de Tralles e Isidoro de Mileto
	Escultura	Representacións esquemáticas e planas, nas que está ausente a perspectiva Preferencia por materiais suntuarios como o marfín Finalidade propagandística e conmemorativa	Políptico Barberini Cátedra de Maximiano	
	Outras artes plásticas	Representacións en iconas sobre táboa e mosaicos murais Difusión de imaxes estereotipadas e hieráticas, planas, sen perspectiva, antinaturalistas, salvo nos retratos oficiais Temáticas relixiosas e retratos imperiais	Mosaico de Xustiniano Mosaico de Teodora	

2. ARTE VISIGÓTICA

Cronoloxía		Características xerais	Obras
1ª etapa (507-587), de asentamento 2ª etapa (587-711), momento de auxe construtivo, trala renuncia ao arrianismo	Arquitectura	Predominio de arquitectura relixiosa, de planta basilical, con cabeceira recta ao exterior Muros grosos con sillares de grandes dimensións dispostos a soga e tizón e con escasos vans ao exterior Soportes combinados (pilares, columnas), algúns reutilizados de edificios tardorromanos Uso do arco de ferradura visigótico Cubertas de madeira, ás veces sustituídas por outras abovedadas Espazos compartimentados no interior	San Pedro de la Nave San Juan de Baños San Fructuoso de Montelios Santa Comba de Bande
	Escultura	Predominio de capiteis figurativos, frisos e impostas decorativas realizadas en pedra Talla en dobre plano, moi esquemática e tosca Decoracións esencialmente vexetais e xeométricas, combinadas con figuracións	Capiteis de San Pedro de la Nave (*"Daniel no foxo dos leóns"* e *"O sacrificio de Isaac"*)
	Outras artes	Grande difusión da ourivesaría Relevancia dos tesouros votivos	Coroa de Recesvinto

3. ARTE ASTURIANA

Cronoloxía		Características xerais	Obras
1ª etapa (722-842), de formación 2ª etapa (842-866), clásica, incluindo a etapa máis produtiva, a do reinado de Ramiro I 3ª etapa (866-910)	Arquitectura	Predominio da arquitectura relixiosa, de planta basilical Muros grosos con sillarexo irregular, reforzado nos recantos con sillares Uso dos pilares na 1ª e 3ª etapas, predominio das columnas na "arte ramirense" Uso de arcos peraltados de medio punto Cubertas de madeira, na etapa ramirense sustituídas por bóvedas de canón Acusada verticalidade dos edificios	1ª etapa: San Xulián dos Prados ou Santullano 2ª etapa: Santa María do Naranco San Miguel de Lillo Santa Cristina de Lena 3ª etapa: San Salvador de Valdediós
	Escultura	Baixorrelevos con talla en dous planos Capiteis figurativos e con motivos sogueados Celosías caladas en pedra con motivos xeométricos	Xambas de San Miguel de Lillo
	Outras artes	Pinturas ao fresco con decoracións xeométricas e arquitectónicas Ourivesaría herdeira da tradición visigótica	Decoración mural de Santullano Cruz da Victoria Cruz dos Anxos

4. ARTE MOZÁRABE

Cronoloxía		Características xerais	Obras
Século X	Arquitectura	Predominio da arquitectura relixiosa, de planta basilical, ás veces combinada con planta de cruz grega Uso de pilares con columnas adosadas ou columnas exentas e moi esbeltas Utilización do arco de ferradura islámico Cubertas de madeira combinadas con outras abovedadas Importancia decorativa dos aleiros, nos que se empregan ás veces modillóns de rolos	San Miguel de la Escalada Santiago de Peñalba San Cebrián de Mazote San Baudelio de Berlanga Santa María de Lebeña San Miguel de Celanova
	Miniatura	Grande difusión da ilustración de beatos Cores planas, fortes e contrastadas, de influencia islámica Contornos das figuras delimitados por unha liña negra moi marcada Representacións con carácter simbólico, nas que está ausente a perspectiva	

5. ARTE HISPANOÁRABE

Cronoloxía		Características xerais	Obras
1ª etapa (756-929), emirato independente; iníciase a construción da mesquita de Córdoba 2ª etapa (929-1031), califato de Córdoba 3ª etapa (1031-1086), reinos de taifas 4ª etapa (1086-1212), imperios almorávide e almohade 5ª etapa (1212-1492), sultanato nazarí	Arquitectura	Principais edificios: mesquitas e pazos Asimilación das arquitecturas dos pobos conquistados Materiais pobres, especialmente ladrillo e xeso Muros de ladrillo e cachotería Pilares e columnas usados como elementos de soporte Variedade de arcos, con predominio do arco de ferradura islámico, lobulado, polilobulado, mixtilíneo, peraltado, segundo a etapa Emprego de bóvedas gallonadas e de mocárabes	1ª e 2ª etapa: Mesquita de Córdoba Pazo de Madinat al-Zahra Mesquita do Cristo da Luz 4ª etapa: Xiralda de Sevilla, alminar da antiga mesquita 5ª etapa: Alhambra de Granada
	Escultura	Predominio da decoración vexetal e xeométrica Escasa representación da figura humana Creación de botes e arquetas de marfín	Bote de al-Mughira
	Outras artes	Adaptación á arquitectura Xeserías con motivos geométricos Alicatados de cores vivas e formas estreladas Paneis de ataurique con motivos vexetais Lacerías xeométricas en madeira policromada Decoracións epigráficas	Decoración mural de Santullano Cruz da Victoria Cruz dos Anxos